



## PROXECTO ATLÁNTICO

O Proxecto “Atlántico” é un proxecto elaborado e experimentado polas Escolas Asociadas á UNESCO de Galicia e Portugal. Nel combínanse aspectos didácticos con outros que teñen moito que ver coa interrelación entre os diferentes países europeos, africanos e americanos, de coñecemento das persoas e dos países que axuden a construír unha ponte intercultural que vaia de Norte ao Sur e do Oeste ao Leste. É evidente que isto só se pode facer na mente das persoas e son as nosas e nosos xóvenes quen construírán o futuro que todos desexamos. Eles serán os que constrúan pontes e camiños para a comprensión, o entendemento e a solidariedade entre os distintos pobos.

Mais, podemos falar dunha identidade “atlántica”, se ben o Océano convértese no noso nexo de unión, o enorme espazo xeográfico que atinxe a tres continentes: Europa, África e América; a unha grande multiplicidade de culturas, de linguas, situacións económicas, sociais e políticas,..., fan complexo atopar aqueles elementos comúns que amosen a existencia dun marco atlántico que serva de referente positivo e que aúne o traballo de todas as escolas.

Ao longo da historia o Atlántico foi lugar de encontros, de conflitos, de intercambio, de transmisión de coñecementos e, en definitiva, ponte que constrúe un sustrato común na súa diversidade.

A través das súas augas saberes tradicionais, artes de pesca, sistemas de cultivo, aves, plantas, persoas foron e viñeron nun contínuo devenir que, na actualidade, intensificouse diante dun mundo global e interdependente.



O acontecido ao longo da historia danos as pautas do distinto grao de desenvolvemento dos pobos que nel se atopan, sendo imprescindible na actualidade contribuir a estreitar a brecha dixital e facilitar o acceso á sociedade do coñecemento para fortalecer os seus vínculos, coñecer o pasado e presente e construír un futuro común onde os valores da solidariedade, a tolerancia e a cooperación, no marco dos Dereitos humanos e do desenvolvemento sostible, sexan o motor do intercambio entre todos eles.

## **OBXECTIVOS XERAIS**

Compartidos con todas as Escolas Asociadas á UNESCO e que debemos ter sempre no noso horizonte:

- Defender e practicar os valores da solidariedade e da cooperación internacionais.
- Proclamar o noso compromiso coa defensa dos Dereitos Humanos e do Desenvolvemento Sostible.
- Valorar e protexer o patrimonio natural, material e inmaterial.
- Establecer canles de relación e comunicación con outras escolas da Rede PEA-UNESCO
- Introducir metodoloxías innovadoras no proceso de ensinanza-aprendizaxe.



## **OBXECTIVOS XERAIS do Proxecto Atlántico**

- Configurar unha comunidade atlántica de aprendizaxe
- Desenvolver e experimentar unidades temáticas de interés común para as escolas da área atlántica.

## **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS**

- Contribuir ao mellor coñecemento dos nosos pobos, das súas xentes e das súas culturas a través dunha aprendizaxe intercultural.
- Sensibilizar ás nosas comunidades sobre o medioambiente creando a conciencia de que o planeta é o “fogar común”.
- Participar activamente na solución dos problemas ambientais e na conservación do patrimonio natural e cultural (material e inmaterial) do ámbito atlántico.
- Practicar a interculturalidade, a solidariedade e a cooperación entre as xentes do Atlántico coa finalidade de fortalecer unha Cultura de Paz.
- Desenvolver a capacidade crítica e de análise que lle servan para defenderse das mensaxes discriminatorias ou alienantes.
- Estreitar as relacións entre o alumnado e o profesorado dos tres continentes, abrindo as posibilidades de intercambio.
- Fortalecer o traballo en equipos internacionais solventando as dificultades causadas pola distancia e as diferentes situacións económicas e sociais.
- A utilización de todos os recursos das novas tecnoloxías como medio de acceder á sociedade do coñecemento.
- Elaborar materiais escritos, audiovisuais e informáticos para o traballo compartido das escolas.



## VALORES QUE PROMOVE

- A interculturalidade
- A solidariedade entre os pobos e as persoas
- A igualdade, a tolerancia e o respecto mutuo
- A defensa da diversidade e do pluralismo
- A convivencia pacífica e o diálogo entre pobos e culturas
- A cooperación e o diálogo internacional
- A sostenibilidade e o consumo responsable
- A defensa do patrimonio común.

## IDIOMAS DO PROXECTO

- Galego
- Portugués
- Castelán
- Inglés
- Francés

## CONTIDOS

Referidos aos catro diferentes ámbitos de traballo:

- ***Medio ambiente, sostenibilidade e Dereitos Humanos***

Necesidade de preservar o medio ambiente para asegurar o futuro das novas xeracións.

Implicación personal (individual e colectiva) do alumnado nas propostas de desenvolvemento sustentable.

O medio ambiente atlántico como resultado de intercambios de todo tipo (naturais, materiais, sociais, económicos, culturais, etc )



- ***Interculturalidade e Patrimonio inmaterial***

O Atlántico como medio e vehículo de relacións culturais.

A multiculturalidade e a interculturalidade na conformación das nosas sociedades.

Coñecemento e valoración da propia identidade e respecto polos demais.

O Patrimonio como herdanza das xeracións anteriores.

Participación activa do alumnado no procese de transmisión ás novas xeracións do Patrimonio Inmaterial como algo que está vivo nas persoas e comunidades.

Recoñecemento das producións culturais dos diferentes pobos do Atlántico, nunha perspectiva de comunicación, aceptación e respecto mutuos.

- ***Educación para o desenvolvemento e acceso á sociedade do coñecemento***

Participación na construción dun mundo mellor: Campañas escolares de solidariedade.

Os inmigrantes: Representantes doutras culturas.

Participación activa e creativa na realización de produtos audiovisuais para Internet.

- ***Boas prácticas***

- ✓ Pegada ecolóxica: Unha ferramenta para sensibilizar ao alumnado.
- ✓ Viaxes das plantas: I.E.S Ponte Caldelas, I.E.S Pedra da Auga e secundaria Básico Sa de Bandeira- Portugal.
- ✓ Pesqueiras e Ruta das lampreas: traballo de investigación e un CD realizado polo I.E.S. Pazo da Merced. Premio Antón Fraguas.



- ✓ Camiños de ida e volta: I.E.S. Luis Seoane. Unidades didácticas, multimedia, serie documental e arquivo dixital da inmigración-emigración.
- ✓ As árbores no Atlántico – A natureza como representación dos pobos.
- ✓ Proposta de encontro escolas galego-portuguesas de patrimonio inmaterial ligado o Atlántico. Dos alumnos debe saír o patrimonio inmaterial do futuro. Os encontros de estudantes: aprenden e transmiten.
- ✓ Webs de poesía europea e americana: modelos e referentes para unha web de poesía atlántica.
- ✓ Traballo do Pirata Benito Soto polo alumnos de infantil do C.E.I.P. Froebel.
- ✓ Os maios: C.E.P. Marcos da Portela ( Monteporreiro ).
- ✓ Prestige: Exemplo de implicación do mundo educativo na valoración e defensa do medio ambiente marítimo.

## **METODOLOXÍA**

Ao enfrenarmos con proxectos como o Atlántico, que ten que unificar criterios ao estar a traballar con estudantes de diferentes escolas e países, e cunha diversidade de idades e intereses, ao tempo que se están a perseguir a consecución duns valores positivos como a tolerancia, a solidariedade, o respecto ao outro, a cooperación, faise necesario que a súa metodoloxía sexa moi flexible e deba, por unha banda, facer fincapé na utilización de métodos dialóxicos, experienciais e de investigación e, por outra, fomentar a participación e o traballo en equipo.

Debido ás características propias do proxecto propoñemos unha metodoloxía:



- Creativa, insistindo nas potencialidades creadoras de todas e todos, atendendo ás diferencias individuais e, en función delas, adecuando os niveis de actuación.
- Participativa, a transversalidade do proxecto implica a participación na elaboración dos materiais, no contacto cos estudantes estranxeiros, no acollemento dos e das compañeiras das outras escolas.
- Activa, a aprendizaxe de valores parte dun proceso de maduración persoal no que cadaquen vai construíndo os seus coñecementos e as súas actitudes nun proceso “activo” de interacción entre a súa realidade e as novas coas que se van poñendo en contacto.
- Global, debe ser capaz de integrar na súa realidade aquilo que vai descubrindo.
- Afectiva, xa que o proxecto implica intercambios persoais e epistolares, que supoñen o estar inmersos nun plano interrelacional social e afectivo.
- Científica e de instrución tecnolóxica, que facilite o aprendizaxe do método investigativo e o manexo das novas tecnoloxías dando acceso á nova sociedade do coñecemento.
- Barata, que facilite a reciclaxe e a redución no uso dos materiais ao tempo que optimiza os recursos.

### **Recursos didácticos**

Usaránse todos os recursos ao noso alcance:

- Ordenadores
- Internet
- Medios audiovisuais: video, fotografías
- Libros, textos, mapas, planos
- Visitas guiadas a museos, portos, zonas costeiras, espazos naturais, ...



- Conferencias e debates con persoeiros
- Reciclado de materiais para produccions relacionadas co Patrimonio.
- Actividades para a recuperación e transmisión do Patrimonio Inmaterial.

## **PLAN DE AVALIACIÓN**

O primeiro é sinalar que imos a avaliar e como, así que decidimos establecer varios niveis:

Valorar actitudes e comportamentos polo que hai que dar paso as opinións propias, os sentimentos e as emocións do alumnado, do profesorado, das familias e de persoas alleas, para coñecer se aprecian cambios significativos na vida escolar. Faráse a través de recollida de opinións e de enquisas.

Avaliación do proceso e do traballo no proxecto tendo en conta os seguintes criterios:

- Se son capaces de seleccionar conceptos, informacións e procesos.
- Se aplican as destrezas necesarias para analizar os diferentes tipos de documentos ( fontes orais, escritas, audiovisuais ).
- Se son capaces de comparar distintos tipos de materiais e chegar a conclusións.
- Se adquiriron capacidades e habilidades no uso das novas tecnoloxías.
- A facilidade de comunicación oral e escrita dos resultados.

Avaliación do traballo cooperativo seguindo os seguintes criterios:

- A capacidade de distribución das tarefas.
- A asunción de responsabilidades persoais.





- A capacidade de chegar a acordos.
- A capacidade das e dos monitores de coordinar o grupo.
- A capacidade de empatía entre os integrantes do proxecto.

Avaliación dos materiais, esta fase realizarase unha vez experimentados nas aulas e avaliados polo alumnado e profesorado dos centros

Autoavaliación do traballo de coordinación realizado polo profesorado e avaliación do mesmo por parte do alumnado a través de enquisas.